

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 28 DE OUTUBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as organizacións non gobernamentais Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asamblea de Cooperación pola Paz para a execución do proxecto Activistas polo mundo que queremos 2024-2025, por un importe total de setenta e catro mil trescentos trinta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (74.334,54 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da constitución como parte e formalización de alegacións na cuestión prexudicial formulada ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Política Social e Igualdade e de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Abuso e Maltrato Infantil No. Galicia (Amino.Gal) para a difusión e sensibilización no eido da violencia sexual infantil, a través do programa Poñendo as lentes para a protección da infancia, durante os anos 2024, 2025 e 2026. Importe total: cento noventa e tres mil oitocentos noventa euros con setenta e dous céntimos (193.890,72€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, do procedemento de concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas, anualidade 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación por Xestur Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 51 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais nas parcelas MIIIB11 e MIIIB12 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subministración sucesiva de drenaxes torácicas, cirúrxicas e doutros tipos con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de cinco millóns douscentos oitenta e tres mil cento vinte e seis euros con trinta e dous céntimos (5.283.126,32 €) con IVE, e un valor estimado de oito millóns douscentos oitenta e catro mil dezaioito euros con setenta e nove céntimos (8.284.018,79 €), tramitado como anticipado de gasto.

Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (Acis) e a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) para o desenvolvemento do Programa para o impulso de actividades de fomento da investigación translacional de excelencia en saúde de Galicia (Programa InTrES), e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia, por un importe de trescentos corenta e cinco mil sesenta euros (345.060,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (Acis) e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Inibic (Finibic) para o desenvolvemento do Programa para o impulso de actividades de fomento da investigación translacional de excelencia en saúde de Galicia (Programa InTrES), e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia, por un importe de setenta e oito mil novecentos vinte euros (178.920,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (Acis) e a Fundación Pública de Investigación Biomédica Galicia Sur (FPGIBGS) para o desenvolvemento do Programa para o impulso de actividades de fomento da investigación translacional de excelencia en saúde de Galicia (Programa InTrES), e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollido na normativa de subvencións de Galicia, por un importe de cento quince mil vinte euros (115.020,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se crea e se cualifica como museo o Centro Museístico do Videoxogo (Muvi).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a entidade ONG Rescate Internacional, para o desenvolvemento dun programa de arraigamento para a formación, por un importe total de douscentos vinte e sete mil oitocentos cincuenta euros (227.850,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade da Coruña (UDC) para a realización do proxecto Xestión sostible e baixo un enfoque ecosistémico dos stocks de poliquetos de interese comercial en Galicia: valorización do recurso e avance no coñecemento da súa bioloxía e ecoloxía (*Polychaeta* II), para o período 2024-2026, por un importe de noventa e nove mil catrocentos noventa e nove euros con cincuenta e nove céntimos (99.499,59 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia en Galicia, terceiro trimestre de 2024.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e a próxima información pública do proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) na zona leste da área de transporte metropolitano (ATM) da Coruña.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o novo Centro de Orientación e Emprendemento e os polos de emprendemento: presente e futuro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe das axudas concedidas ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para o impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o acceso aos dereitos da axuda básica á renda da reserva nacional a través dos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓN DO PROXECTO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL 'ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS', EN COLABORACIÓN CON TRES ONGD GALEGAS

- O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á renovación do acordo con Solidariedade Internacional de Galicia, a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz
- Orzado en máis de 74.000 euros, o Goberno galego achega ao proxecto 70.000 euros e as organizacións participantes, a contía restante
- O investimento da Xunta nesta iniciativa desde 2013 supera os 860.000 euros
- A medida enmárcase no Plan Proxecta de innovación educativa co obxectivo de traballar nos centros de educación secundaria obrigatoria (ESO) e formación profesional as desigualdades sociais e as súas causas, sobre todo nos países da Cooperación Galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coas ONGD galegas Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz para desenvolver unha nova edición do proxecto de educación para a cooperación Activistas polo mundo que queremos. A iniciativa conta cun orzamento superior aos 74.000 euros, dos cales o Goberno galego achega 70.000 e as tres organizacións participantes, a contía restante. Desde o seu inicio en 2013, a Xunta inviste así máis de 860.000 euros nesta acción.

Deste xeito, ponse en marcha a décimo segunda edición do proxecto, desenvolvido por tres ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento. Esta colaboración entre a Xunta e as ONGD permitiu traballar co profesorado e co alumnado de 69 centros de educación secundaria obrigatoria (ESO) e de formación profesional, aos cales este ano se suman outros catro, co obxectivo de afondar nas desigualdades sociais e nas súas causas e, con especial atención, na realidade dos países da Cooperación Galega.

A iniciativa enmárcase no Plan Proxecta de innovación educativa, destinado a impulsar a colaboración entre os distintos departamentos da Xunta que contan con programas dirixidos a centros educativos. O obxectivo é contribuír a que tanto o alumnado como o persoal docente sexa consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais. Búscase tamén apoiar o exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social, a través da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza nos centros educativos da Comunidade.

O investimento da Xunta destinarase aos custos derivados das formacións, dos servizos técnicos ou dos gastos de persoal para facilitarlle ao profesorado as ferramentas necesarias para incorporar neste curso 2024/25 o discurso da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, así como para favorecer por parte do alumnado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vías de denuncia sobre as súas realidades a través de sesións que teñan o activismo como eixe central.

Maior sensibilización social

Ademais, a iniciativa aposta por unha maior sensibilización na sociedade sobre as desigualdades sociais mediante unha estratexia de comunicación integral que inclúa campañas de promoción nos medios de comunicación e nos centros educativos. Durante a execución do proxecto realizarase unha avaliación continua de todo o proceso.

O convenio entre a Xunta e as tres ONGD para pór en marcha unha nova edición de Activistas polo mundo que queremos dá cumprimento aos compromisos do V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026 e do Plan anual da Cooperación Galega 2024. Nesta liña incídese no que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, coa solidariedade e co desenvolvemento humano sostible.

Cómpre sinalar que o V Plan director da Cooperación Galega recoñece o papel central das ONGD no sistema de cooperación ao desenvolvemento, como actores relevantes para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación. As ONGD son entidades con coñecemento experto para promover e xestionar intervencións de desenvolvemento e fomentar a conciencia da cidadanía e a educación para o desenvolvemento no norte, co fin de promover valores de responsabilidade e solidariedade. Por esta dobre tarefa, a Xunta vén apoiando a actividade destas entidades no marco deste plan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DEFENDERÁ ANTE O TRIBUNAL DE XUSTIZA EUROPEO A TRAMITACIÓN AMBIENTAL DOS PROXECTOS EÓLICOS EN GALICIA

- O Consello acorda intervir no procedemento de consulta prexudicial iniciado polo TSXG e presentará alegacións para acreditar que as autorizacións realizadas cumpren os trámites exixidos pola norma vixente coa máxima protección ambiental
- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, indicou que a “Asesoría Xurídica Xeral será a que fixe os pasos a seguir para formalizar a personación antes do 5 de novembro, cando remata o prazo”
- Lembra que a tese do Goberno autonómico foi avalada xa por dúas sentenzas recentes do Supremo sobre o parque eólico de Corme, anulado no seu día pola Xustiza galega
- A decisión do Alto Tribunal comunitario fixará de forma definitiva cal é a interpretación correcta da directiva de avaliación de impacto ambiental, xa que establecerá a doutrina que se deberá seguir non só en Galicia senón en España e no resto da Unión Europea

A Xunta participará no procedemento de consulta iniciado ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) sobre a tramitación dos proxectos eólicos en Galicia para defender o rigor do traballo realizado e a súa adecuación ao marco normativo sectorial vixente. Así o acordou o Consello esta mañá, tal como explicou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, polo que agora a “Asesoría Xurídica Xeral será a que fixe os pasos necesarios para formalizar a nosa personación como parte antes do 5 de novembro”, cando vence o prazo para facer alegacións na cuestión prexudicial sobre os eólicos presentada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) o pasado xuño.

En concreto, o principal argumento da Xunta para defender que as autorizacións de parques eólicos concedidas nos últimos anos se fixo con plenas garantías é que nin a normativa europea ambiental (a Directiva 2011/92/UE) nin a lei estatal que a traspuxo (a Lei 21/2013 de avaliación ambiental) impoñen que a fase de consulta ás autoridades competentes se teña que facer antes de someter o proxecto á información pública.

Neste sentido, Vázquez lembrou que o Tribunal Supremo avalou a tese da Xunta en dúas sentenzas recentes sobre o parque eólico de Corme —anulado polo TSXG— ao concluír que ningunha destas dúas normas obriga a solicitar os informes sectoriais necesarios no marco da tramitación antes de iniciar a fase de información ao público en xeral.

Coa súa decisión de intervir de forma directa no procedemento ante o TXUE, o Goberno galego quere defender que a tramitación realizada aplica a lei básica estatal que cumpre coa normativa comunitaria e que se vén empregando da mesma forma desde 2013. Farao, ademais, “de forma coordinada co Goberno central”, que tamén foi emprazado na cuestión prexudicial e xa se presentou no procedemento en defensa da transposición da directiva que fixo no seu día cando se aprobou a norma ambiental de 2013.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, “nos 11 anos de vixencia da Lei de avaliación ambiental estatal ningún tribunal español albergou dúbidas sobre se o procedemento fixado nesta norma se axustaba ao dereito comunitario”, indicou Ángeles Vázquez.

Foi o TSXG o primeiro en cuestionalo a través de sucesivos pronunciamentos sobre as autorizacións eólicas outorgadas en Galicia nos últimos anos, xa que fai unha interpretación propia da Directiva de avaliación de impacto ambiental do Parlamento e do Consello Europeo que contravén o procedemento de información e consulta pública simultáneo que leva a cabo a Xunta en aplicación da lei estatal.

Con base nesta interpretación, precisamente, e obviando por completo a opinión do Supremo —que nas sentenzas mencionadas lle quitaba a razón—, o Alto Tribunal galego decidiu presentar ante o TXUE unha cuestión prexudicial para que dea a súa opinión.

Neste sentido, “a decisión que tome a Xustiza europea con relación á tramitación eólica en Galicia será clave, dado que clarificará definitivamente se o procedemento aplicado en España desde 2013 ás avaliacións ambientais de todo tipo de plans e proxectos é correcto —tal e como defende a Xunta— ou se ben a norma estatal que o regula non recolleu adecuadamente a normativa comunitaria sectorial”, apuntou a conselleira.

Este pronunciamento permitirá sentar doutrina e acabar así coa actual situación de inseguridade xurídica que afecta o sector eólico en Galicia, pero terá unha transcendencia aínda maior polas súas implicacións no conxunto de España e no resto de países da UE, con normativas ambientais propias con transposicións similares.

Preto dun cento de parques autorizados afectados

Na actualidade, tal e como indicou Ángeles Vázquez, “a Comunidade conta cun total de 190 parques eólicos en funcionamento, que suman unha potencia de 3.931 MW”. En todo caso, cómpre lembrar que o Plan sectorial eólico de Galicia prevé a implantación de 6.500 MW de potencia eólica e na Axenda enerxética galega fixouse como obxectivo alcanzar no horizonte do ano 2030 os 8.000 MW, polo que aínda hai marxe para a implantación de novos parques.

Porén e debido á situación de bloqueo xudicial e administrativo que afecta o sector en Galicia, “na actualidade hai arredor dun cento de parques eólicos autorizados pero contra os cales se recorreu, e deles un total de 68 xa foron suspendidos na vía xudicial”, explicou.

Precisamente, o bloqueo na implantación de nova potencia eólica foi o tema central da viaxe que realizou a propia conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático o mes de setembro pasado a Bruxelas, onde expuxo a gran preocupación da Xunta ante a parálise que sofre este sector na Comunidade, debido ao goteo constante de recursos xudiciais contra as autorizacións de novos parques emitidas nos últimos anos.

De feito, “a Comunidade pasou de ser líder en España en potencia eólica instalada a caer ata a cuarta posición”, apuntou Vázquez. Un retroceso que ten a súa razón principal na parálise que afecta este sector de forma particular e que lle impide avanzar á vez nos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivos de descarbonización e loita contra o cambio climático que promulgan todas as institucións comunitarias para o conxunto de rexións e Estados membros.

Cómpre lembrar que, en liña coa normativa europea en materia de transición enerxética e aceleración dos proxectos de enerxías renovables e co chamado Plan REPowerEU, que se fixa como obxectivo que a UE sexa enerxeticamente independente, a Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2023 declarou de interese público superior a planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica co fin de axilizar a súa tramitación.

Con ese mesmo obxectivo, a futura Lei de administración ambiental simplificada de Galicia —que a Xunta prevé elevar ao Parlamento para a súa aprobación no ano 2025— buscará avanzar tamén na axilización dos trámites de proxectos de especial interese e transcendencia para a comunidade, entre os cales destacan particularmente aqueles relacionados coa aposta polas enerxías limpas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 194.000 € ATA 2026 NA FORMACIÓN DO PERSOAL DOCENTE PARA DETECTAR POSIBLES CASOS DE VIOLENCIA SEXUAL INFANTIL NO ALUMNADO

- O Goberno galego dará continuidade á colaboración coa entidade social Amino.gal, especializada na loita contra esta eiva
- Como novidade, amplíase a formación a profesores de secundaria e tamén das escolas infantís de 0 a 3 anos, cando ata agora se centraba en infantil e primaria

O Consello da Xunta de hoxe aprobou dar continuidade á colaboración con Amino.gal, especializada na loita contra o abuso e o maltrato infantil. O Goberno galego investirá 194.000 euros no período 2024-2026 na formación de persoal docente para detectar posibles casos de violencia sexual infantil que afectan o alumnado.

Con esta finalidade, as consellerías de Política Social e Igualdade e de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional renovarán o convenio que teñen con esta entidade social para seguir adiante con este programa, chamado Poñendo as lentes para a protección da infancia. Esta iniciativa forma preto dun milleiro de docentes cada ano, en concreto no 2023 formáronse 880 profesores de 73 centros distintos. Así mesmo, e como novidade, amplíase a formación a mestres de secundaria e tamén das escolas infantís de 0 a 3 anos, cando ata agora se centraba en infantil e primaria.

A Xunta de Galicia leva desde o ano 2018 traballando con Amino.gal en previr e atallar situacións de abuso e maltrato infantil. Esta colaboración comezou coa difusión da campaña do Consello de Europa 'Un de cada cinco', que fai referencia á cifra estimada de nenos que son vítimas de explotación ou abuso sexual polo menos unha vez na súa vida. O Executivo autonómico foi o primeiro de España en adherirse de forma oficial a esta iniciativa europea.

Este acordo de colaboración con Amino.gal súmase a outras actuacións que a Xunta desenvolve nesta materia, entre outras, o Programa de intervención especializada con nenos e adolescentes vítimas de abusos sexuais, que ten como obxectivo o tratamento terapéutico, así como o asesoramento e o acompañamento das familias e equipos de profesionais dos cales depende o seu coidado, ou o Foro Vacínate contra os abusos, que na edición deste ano contou coa participación de máis de 200 profesionais neste ámbito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA CASE 1 M€ EN AXUDAS PARA REDUCIR A FACTURA ELÉCTRICA DOS CONCELLOS E IMPULSAR A CONSTITUCIÓN DE NOVAS COMUNIDADES ENERXÉTICAS

- Esta nova convocatoria de apoios dá continuidade ás de 2023 e 2024, nas cales se concederon 86 axudas por importe de 1,18 M€
- As administracións deben ofrecerlle á cidadanía as ferramentas necesarias que faciliten a transición enerxética

O Consello da Xunta acordou pór en marcha unha nova convocatoria de axudas para reducir a factura eléctrica dos concellos e impulsar a constitución de comunidades enerxéticas por un importe de case un millón de euros.

O obxectivo destes apoios é aumentar a eficiencia enerxética; reducir a factura eléctrica dos concellos e das comunidades enerxéticas; promocionar o asociacionismo e o dinamismo para avanzar cara á descarbonización da economía; e utilizar a enerxía como panca para impulsar a economía e xerar actividade e emprego diminuindo a dependencia enerxética dos combustibles fósiles.

A transición enerxética cara a un modelo descarbonizado e dixitalizado precisa dunha maior presenza de renovables no *mix* enerxético, así como unha maior aposta pola autosuficiencia e o aforro enerxético, e nestes obxectivos as administracións deben ofrecerlle á cidadanía as ferramentas necesarias, a través dunha tramitación rigorosa e da implantación de axudas, que faciliten a transición.

Esta nova convocatoria dá continuidade ás dúas anteriores, nas cales se concedeu un total de 86 axudas por importe de 1,18 M€. En concreto, 25 correspondéronse coa liña de planificación enerxética das entidades locais e 61 para a liña de planificación enerxética de comunidades enerxéticas.

Nova convocatoria de planificación enerxética 2025

A nova convocatoria de axudas ten un orzamento de 800.000 euros, 400.000 euros para cada unha das liñas de apoio. No que respecta á planificación enerxética de concellos, búscase que as entidades locais teñan un papel protagonista no proceso de transición, apoiando a contratación de servizos xurídicos ou técnicos precisos para elaborar un estudo estratéxico e promover a contratación centralizada.

A intensidade da axuda depende do número de concellos que se agrupen na solicitude e vai do 30 ao 70 %, cun 20 % adicional se se trata de concellos de menos de 5.000 habitantes e/ou un 10 % para concellos fusionados ou se son emprendedores. Será dun máximo de 15.000 euros por concello e, no caso de entidades locais que representen a varios municipios, o máximo será de 150.000 euros.

En canto á planificación de comunidades enerxéticas, cóbrense os custos da contratación dos servizos de asistencia para definir as infraestruturas enerxéticas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

necesarias, así como a elaboración ou ampliación de estatutos, pois tamén se poden presentar solicitudes previas á constitución destes entes. Neste caso, a intensidade será do 80 %, cun máximo de 15.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DE PROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DE 51 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN NAVIA, VIGO

- Autorízase a licitación da redacción e dirección de obra de novas vivendas, garaxes, rochos e locais na parcelas MIIIB11 e MIIIB12 do Plan parcial de San Paio de Navia, por un orzamento que rolda os 485.000 euros
- Correspóndese coa terceira licitación de proxectos para vivendas que se construírán no polígono 2 de Navia, cuxas obras de urbanización están en fase de contratación, por preto de 16,4 M€
- Con este novo contrato, a Xunta ten en marcha 656 vivendas de promoción pública na cidade de Vigo, tendo en conta as 359 que está a desenvolver no polígono 1

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dun novo contrato de redacción do proxecto para a construción de 51 vivendas de promoción pública (VPP) no barrio de Navia, no concello de Vigo, por un orzamento que rolda os 485.000 euros.

Esta nova licitación correspóndese co terceiro contrato de redacción dos proxectos básicos e de execución e dirección de obra para a construción de novas vivendas, garaxes, rochos e locais nas parcelas do polígono 2 de San Paio de Navia, cuxas obras de urbanización están en fase de contratación, por preto de 16,4 M€.

Neste caso, proxéctanse 18 vivendas na parcela MIIIB11 e outras 33 na MIIIB12, con superficies de 1.080 e 1.141 m², respectivamente, ás cales se engaden as 246 VPP que se construírán tamén no polígono 2, nas parcelas MV-7, MIIIB7 e MIIIB8, cuxa contratación de redacción de proxectos foi xa autorizada polo Goberno galego.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación deste contrato, a Xunta licitarao nas vindeiras semanas.

Con este novo contrato, a Xunta ten en marcha 656 vivendas de promoción pública na cidade de Vigo, tendo en conta as 359 que está a desenvolver no polígono 1 de San Paio de Navia.

Con este novo contrato, a Xunta segue avanzando no obxectivo de habilitar na cidade de Vigo 1.600 vivendas protexidas no barrio de Navia, distribuídas en tres polígonos: 733 no polígono 1, das cales 359 son vivendas de promoción pública; 719 neste polígono 2, das cales 297 son de promoción pública, e coa previsión de executar outras 147 vivendas protexidas no polígono 3. Ademais, a Administración autonómica tamén investiu 24 M€ na adquisición de solo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego mantén o impulso na construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e na súa área de influencia, e continúa traballando na Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR 5,2 M€ A SUBMINISTRACIÓN DE DRENAXES TORÁRICAS E CIRÚRXCAS CON DESTINO AOS HOSPITAIS DA REDE SANITARIA PÚBLICA GALEGA

- O contrato terá unha duración inicial de tres anos, e está prevista unha posible prórroga por 24 meses máis
- Trátase do primeiro proceso de compra centralizada deste tipo de material no Servizo Galego de Saúde, que agarda acadar deste xeito un aforro de 1,47 millóns de euros durante a vixencia máxima do contrato
- As drenaxes facilitan a evacuación do sangue, secrecións e derramos, polo que evitan a acumulación de líquidos e reducen os riscos de infección e posibles complicacións postoperatorias, ademais de favoreceren a cicatrización

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación, por un importe de 5.283.126 euros, do contrato de subministración sucesiva de drenaxes torácicas, cirúrxicas e doutro tipo, con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O contrato terá unha duración inicial de tres anos e está prevista unha posible prórroga por 24 meses máis. O valor estimado total do contrato é de 8.284.018 euros.

Trátase do primeiro expediente de compra centralizada que realiza o Servizo Galego de Saúde deste tipo de material. O obxectivo deste procedemento é unha redución media dos prezos actuais de compra do 15 %, polo que se agarda un aforro total de 1,47 millóns de euros durante a duración máxima do contrato.

As drenaxes facilitan a evacuación ao exterior de sangue, secrecións ou derramos, ben sexan de tipo fisiolóxico ou de carácter patolóxico. O uso destes produtos elimina e evita as acumulacións de líquidos, polo que se reducen os riscos de infección e as posibles complicacións postoperatorias, ademais de favorecer a cicatrización.

As drenaxes poden empregarse de forma preventiva no quirófano para evitar a formación de hematomas, seromas, etc., e tamén poden usarse nos tratamentos para eliminar abscesos ou derramos en diferentes zonas anatómicas. Así, este equipamento pode ser de tipo activo (drenaxe por aspiración) ou de tipo pasivo (drenaxe por gravidade).

O expediente autorizado esta mañá distribúese en 26 lotes, que inclúen diferentes *kits* de catéteres, tubaxes, bolsas de drenaxe, sistemas recolectores e equipos de paracentese, entre outros accesorios.

A Xunta de Galicia continúa a mellorar a calidade e a sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego, ao dotar con estas adquisicións os centros galegos do mellor material asistencial, grazas á programación dos plans de compras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 639.000 € A IMPULSAR A ACTIVIDADE DAS TRES FUNDACIÓNS PÚBLICAS GALEGAS DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de tres convenios de colaboración destinados a facilitar a transferencia de resultados da investigación á práctica sanitaria
- Os institutos de investigación sanitaria integran máis de 2.300 investigadores distribuídos en 187 grupos de investigación, a maior parte deles profesionais do Servizo Galego de Saúde e das universidades da nosa Comunidade

A Xunta vai destinar 639.000 euros a impulsar a actividade das tres fundacións públicas galegas de investigación biomédica co obxectivo de facilitar a aplicación na práctica sanitaria dos coñecementos. O obxectivo é fomentar a transferencia dos resultados da investigación sanitaria en beneficio da saúde da cidadanía.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de tres convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e as tres fundacións públicas galegas de Investigación Biomédica: a da Coruña (Finibic); a de Santiago de Compostela (FIDIS); e a de Galicia Sur (FPGIBGS), destinados ao desenvolvemento do Programa InTrES de impulso da investigación translacional de excelencia en saúde de Galicia.

Os tres convenios de colaboración, que comprenden as actuacións do período 2024-2026, teñen por obxecto realizar actividades dirixidas a implantar un núcleo de excelencia que fomente a colaboración e o intercambio de coñecemento, así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica necesarios para incrementar a competitividade e a mellora da saúde das galegas e galegos.

Melloras reais na atención

Entre as liñas de actuación máis destacadas destes acordos están o incremento da cultura científica, tecnolóxica e innovadora dos principais axentes do ecosistema galego de I+D en saúde, así como incrementar a difusión dos resultados da investigación.

A transferencia de resultados é un obxectivo prioritario da investigación sanitaria galega, para conseguir que os avances científicos se plasmen en melloras reais na atención sanitaria e, con iso, na saúde da poboación.

A través da implementación de novos coñecementos e tecnoloxías, pódense optimizar os tratamentos e mellorar a calidade asistencial. Con iso preténdese pechar a fenda entre os descubrimentos científicos e a súa aplicación práctica, para que se consiga realmente impactar nos pacientes ou nos sistemas de saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xunto co anterior, preténdese mellorar a educación científico-técnica da sociedade en todos os niveis, colaborar na profesionalización da divulgación científica e apoiar o establecemento de sinerxías e o aproveitamento de recursos dos axentes do sistema de divulgación do coñecemento en saúde.

O Programa InTrES, obxecto dos convenios, está en concordancia coa Estratexia do Servizo Galego de Saúde 2030, que aposta polo impulso da xestión do coñecemento e a investigación a través de innovacións organizacionais con liderado en investigación, ademais de atracción de financiamento para a investigación e o aproveitamento de coñecementos particulares destinados á mellora común do sistema.

Asesoramento e apoio aos profesionais

As fundacións de investigación biomédica ou sanitaria (que xestionan a investigación dos centros e institutos de investigación sanitaria de Galicia) teñen por obxectivo impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en ciencias da saúde, servindo de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores das sete áreas sanitarias.

Os institutos de investigación sanitaria xestionados por estas fundacións agrupan máis de 2.300 investigadores, distribuídos en 187 grupos de investigación distintos, a maior parte deles profesionais do Sergas e das universidades que levan a cabo estudos de investigación no ámbito biomédico, ademais dos preto de 600 profesionais que prestan os seus servizos directamente nestas fundacións.

Estes grupos de investigación abordan nos seus estudos distintas áreas de investigación, como oncoloxía, xenética, microbioloxía, endocrinoloxía, nutrición, metabolismo, enfermidades cardiovasculares, neurociencias, enfermidades inflamatorias e infecciosas ou vacinas, entre outras.

O seu labor é fundamental, non só no desenvolvemento científico, senón na mellora da asistencia sanitaria á cidadanía, xa que un centro sanitario que investiga é un centro que presta unha mellor asistencia, ao manter unha constante actualización das súas capacidades e do coñecemento dos seus profesionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INTEGRA O PRIMEIRO MUSEO DO VIDEOXOGO NO SISTEMA GALEGO DE CENTROS MUSEÍSTICOS

- O Consello aproba a orde de creación e cualificación da entidade, que está situada no concello de Cangas, creada en 2020 pola Fundación Museo do Videoxogo de Galicia
- A colección conta con 2.256 xogos, 300 deles de fondo galego, e máis de 400 elementos de hardware e dispositivos
- Na actualidade, o sistema de organismos expositivos que xestiona o Goberno galego suma un total de 88 institucións e 20 son coleccións museográficas

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asinou o acordo de creación e cualificación para a incorporación ao Sistema galego de centros museísticos do primeiro Museo do Videoxogo (Muvi), entidade que está no concello de Cangas e que foi creada en 2020 pola Fundación Museo do Videoxogo de Galicia. Esta decisión determinouse tras unha visita técnica ao centro, o pasado 26 de setembro, na cal se verificou o cumprimento dos requisitos exigidos para formar parte desta rede.

O Consello acorda a inserción desta entidade por diversas razóns, entre as que destacan o feito de ser a primeira relacionada co mundo do videoxogo de Galicia e das poucas existentes en España. Achégase ao público, desde a perspectiva da expresión artística e cultural, como unha ferramenta educativa, lúdica, interactiva e saudable. Neste senso, a colección alberga un total de 2.256 xogos, 300 deles de fondo galego, e máis de 400 elementos de hardware e dispositivos, cos cales se dá difusión á historia deste eido temático pondo en valor o desenvolvemento do sector en Galicia.

Este convenio reflicte o compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude con iniciativas culturais que promoven a transmisión de información de interese para a sociedade e a preservación de material histórico. O organismo avaliado conta cun plan museolóxico en que se reflicten as áreas funcionais básicas necesarias para o funcionamento da institución. Estas áreas son: documentación e conservación; difusión e comunicación, e administración, e coordinadas entre si desenvolven as súas liñas programáticas. Deste xeito, esta entidade cumpre coas características necesarias para acadar a categoría de centro museístico.

O Museo do Videoxogo, unha vez creado, pasará a integrarse no Sistema galego de centros museísticos, do cal forman parte na actualidade un total de 88 centros. Deles 68 son museos e 20 son coleccións museográficas. A integración a este organismo da Xunta permitiralle acceder a liñas de axudas públicas, asesoramento técnico e potenciación da súa divulgación no Portal de museos de Galicia, establecer relacións con outras entidades e coleccións, participar en accións formativas e ter prioridade noutras propostas colaborativas ou actividades itinerantes promovidas polo Goberno galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A 180 AS PERSOAS BENEFICIARIAS DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO PIONEIRO DE ARRAIGAMENTO POR FORMACIÓN PARA MIGRANTES AO SUMAR Á ONG RESCATE INTERNACIONAL

- O Consello do Goberno galego autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e esta entidade, que se une aos xa en marcha con Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas de Lugo e as Escolas Familiares Agrarias
- Suporá practicamente duplicar os beneficiarios da primeira edición, cando participaron máis de cen persoas estranxeiras, das cales máis dun 70 % conseguiron un traballo indefinido grazas ás microformacións recibidas a través de case 60 cursos
- Cun investimento global que se achega xa aos 1,2 M€ na nova andaina, o obxectivo é que migrantes en situación irregular obteñan autorización de residencia e de traballo, ao tempo que se contribúe a facer fronte á falta de man de obra en certos sectores
- Nun encontro coa secretaria de Estado de Migraciones a semana pasada, o conselleiro de Emprego fixo fincapé en que estes convenios demostran que as microformacións funcionan para fomentar a regularización e integración sociolaboral dos migrantes

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, anunciou que o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a ONG Rescate Internacional, que suporá “pasar dos 100 beneficiarios iniciais a 180” na segunda edición do programa pioneiro de arraigamento para a formación dirixido a persoas migrantes en situación irregular. O acordo súmase aos subscritos e xa en marcha con Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesana de Lugo e a Federación de Escolas Familiares Agrarias (EFA) de Galicia, o que supón que se dobre o investimento autonómico para o efecto ata preto dos 1,2 millóns de euros. Segundo indicou a conselleira, “queremos chegar a moita máis xente e por iso tamén redobramos o esforzo orzamentario”.

Tras ter beneficiadas na primeira fase máis de 100 persoas —das cales o 100% das que recibiron microformacións a través de case 60 cursos conseguiron permiso de residencia e máis dun 70 % acadaron un traballo indefinido—, Ángeles Vázquez explicou que o obxectivo agora é que “o 70% logre a autorización de residencia e traballo ao rematar a formación”, cando menos 126 dos 180 migrantes participantes, co que se daría un pulo á súa integración sociolaboral e á regularización da súa situación, ao tempo que se contribúe tamén a facer fronte á escaseza de man de obra en certos sectores do mercado laboral.

O novo convenio —que estará vixente desde a súa sinatura ata finais do ano que vén— volve botar man da figura do arraigamento para a formación recollida para persoas que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

residan en España en situación irregular e que cumpran un compromiso efectivo de formación co obxectivo de poder obter unha autorización de residencia. Así, poderase, por unha banda, obter persoal coa formación necesaria para cubrir postos que ofertan as empresas e, por outra, incorporar ao mercado laboral persoas que están traballando de maneira precaria ou directamente irregular.

En concreto, poderán beneficiarse persoas en situación irregular en España, cunha permanencia mínima de dous anos no país, sen antecedentes penais e que se comprometan a realizar unha formación das establecidas, para poder obter unha autorización de residencia e, posteriormente, unha autorización de residencia e de traballo. Este ano, como novidade, non se exixirá como requisito a inscrición previa con tres meses de antigüidade no padrón en Galicia.

Desenvolvemento do convenio

O proxecto consta dun itinerario de arraigamento para a formación, que arrancará coa captación de potenciais participantes, coa prospección empresarial para determinar ámbitos de formación con máis posibilidades de inserción laboral e coa selección de beneficiarios. Despois, elaboraranse itinerarios individualizados en que deberán incluírse accións de diagnose, deseño, seguimento e acompañamento, así como de adquisición e/ou fortalecemento de capacidades para o acceso e permanencia no mercado laboral.

A seguir, o proxecto recolle a formación capacitante para obter a autorización de arraigamento para a formación segundo os resultados da prospección empresarial, e inclúe tamén, como novidade, contidos a prol da igualdade entre homes e mulleres e a posibilidade de financiamento do permiso de conducir clase B para as persoas que, polo seu perfil, poidan precisalo de cara a aumentar as súas oportunidades laborais. Por último, a inserción laboral das persoas participantes deberá producirse a través dun contrato de traballo relacionado coa familia profesional da formación recibida e acreditada no arraigamento para a formación, e prevese o acompañamento e seguimento individualizados.

No marco dos convenios, a ONG Rescate Internacional comprométese a desenvolver todas as accións descritas e a pór á disposición os recursos precisos para a súa execución. Pola súa banda, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, máis alá de achegar neste caso un importe de 227.850 euros, facilitará a información de que dispoña relativa a ofertas de traballo non cubertas e aos perfís profesionais máis demandados.

Balance 2023

Coa previsión de acadar as 180 persoas migrantes beneficiarias das que polo menos 126 consigan traballo, a iniciativa dá continuidade ao levado a cabo desde o pasado ano 2023, cando a máis dun cento de persoas se lles elaboraron itinerarios individualizados de arraigamento para a formación. Delas, o 100 % das que recibiron as microformacións conseguiron permiso de residencia e máis do 70 % tiveron autorización de residencia e de traballo para incorporarse a empregos de carácter indefinido, empregos relacionados cun total de 59 accións realizadas nas catro provincias, centradas en eidos como o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

turismo e a hostalaría, a atención sociosanitaria, a construción, a gandaría, a produción agroalimentaria, a limpeza, o mantemento de maquinaria ou a beleza, entre outros.

Cómpre engadir que todas as accións formativas impartidas foron orientadas á obtención de microcredenciais, unha tipoloxía de formación que a Xunta fixo valer no marco das alegacións presentadas —en coordinación con empresas e entidades do terceiro sector— ao borrador de Real decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Nunha xuntanza mantida a semana pasada coa secretaria de Estado de Migracións, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración tamén fixo fincapé en que estes convenios demostran que as experiencias de aprendizaxe de curta duración son unha vía complementaria idónea de cara a fomentar a empregabilidade e a regularización das persoas migrantes en situación irregular, ao tempo que se contribúe a dar resposta ás necesidades do mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE CORUÑA PARA ANALIZAR A XESTIÓN SOSTIBLE DOS STOCKS DE POLIQUETOS DE INTERESE COMERCIAL EN GALICIA

- Nesta investigación colaborará o Centro de Investigacións Mariñas (Cima), dependente da Consellería do Mar, e a Federación Galega de Confrarías de pescadoras, no marco da plataforma Redemar
- O convenio recolle un financiamento plurianual de 99.499,59 euros e recolle que a actividade investigadora se prolongará ata o ano 2026, cando se presentará o informe cos resultados finais
- Este proxecto permitirá a realización de propostas de valorización do cebo autóctono e obter información sobre a bioloxía e ecoloxía dos poliquetos explotados que poida empregarse na xestión das súas pesqueiras

Hoxe o Consello da Xunta autorizou a sinatura dun novo convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade da Coruña para realizar un proxecto que pretende levar a cabo unha diagnose dos patróns de explotación, comercialización e uso dos poliquetos. Isto permitirá a realización de propostas de valorización do cebo autóctono e obter información sobre a bioloxía e ecoloxía dos poliquetos explotados que poida empregarse na xestión das súas pesqueiras.

Este proxecto desenvolverase no marco de Redemar, a rede pioneira posta en marcha polo Goberno Galego entre o sector pesqueiro e os organismos científicos galegos, na que tamén colaborará o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores. Estes traballos tamén permitirán confirmar a presenza de poboacións de cebo exótico (miñoca coreana) nas costas galegas e a proposta de distintas métricas ou índices ecosistémicos para facer un seguimento da saúde dos hábitats.

O convenio recolle, entre as actividades investigadoras, desenvolver o estudo da identidade taxonómica dos poliquetos explotados actualmente nos bancos galegos, da mellora do rexistro de capturas desta especie en Galicia e acerca da conectividade de poboacións de D. Neapolitana a escala rexional, entre outros. O acordo recolle un financiamento plurianual de 99.499,59 euros ata o 2026, cando se presentará o informe cos resultados finais.

Este acordo súmase aos aprobados nas últimas semanas coas universidades galegas, que permiten reforzar a investigación mariña como instrumento esencial para a procura de solucións aos problemas do sector marisqueiro. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define as políticas de investigación e innovación da Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O IMPORTE ADXUDICADO DOS FONDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA POLA XUNTA SUPERA OS 1.100 M€, O 75 % DO IMPORTE INGRESADO

- Ángeles Vázquez salienta que o informe de execución do MRR de finais do terceiro trimestre de 2024 presentado hoxe no Consello da Xunta pon de relevo “que Galicia cumpre e está a facer os deberes” na tramitación dos fondos europeos
- Máis de 53.000 persoas e máis de 5.000 entidades e sociedades beneficiáronse destes fondos

O importe adxudicado dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) pola Xunta de Galicia acada os 1.102 millóns de euros, o 75 % do ingresado e o 85 % do importe publicado en convocatorias e licitacións, segundo o informe de execución do MRR en Galicia do terceiro trimestre de 2024 presentado hoxe no Consello da Xunta.

Tal e como salientou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, estes datos demostran “que Galicia cumpre e que a Xunta está a facer os deberes e ser áxil na tramitación dos fondos europeos”.

A boa execución en Galicia tamén a confirman os datos do Ministerio de Economía, que din que a taxa de resolución de Galicia, sen as entidades locais, é a segunda máis alta en España, 76,3 % (18,7 puntos e 17,2 puntos máis que a media das comunidades autónomas e a AXE, respectivamente).

Segundo o informe analizado hoxe na reunión do Consello, na actualidade a suma dos recursos do MRR asignados polo Goberno central á Administración galega ascenden a 1.545 M€, o 5,8 % do distribuído entre as comunidades autónomas, o que supón menos recursos dos que corresponderían á Comunidade por PIB per cápita. Desá cantidade, a Xunta ten ingresados 1.474 M€. Hai que lembrar que estes fondos se poden executar ata o ano 2026. Ángeles Vázquez apuntou que “malia este retraso na entrega dos fondos, a Xunta está sendo áxil para xestionar os que si chegaron e poñelos a disposición dos beneficiarios”.

Ademais, máis de 53.000 persoas (45.000 persoas físicas e 8.095 autónomos) e máis de 5.000 entidades e sociedades se beneficiaron dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia executados polo Goberno galego ata finais do terceiro trimestre de 2024. De feito, o MRR xestionado pola Xunta terá un impacto a medio e longo prazo na contorna de dúas décimas de media anual no PIB, segundo as estimacións do IGE a partir do modelo Quest III R&D, que emprega a Comisión Europea para a análise cuantitativa de políticas.

As actuacións concéntranse nas compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia relacionadas coa mobilidade sostible, as enerxías renovables, as políticas públicas para o mercado de traballo, a renovación e a ampliación do Sistema nacional de saúde, a implantación da Axenda urbana, a dixitalización, a modernización do sistema educativo, a economía dos coidados e a inclusión social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, o Goberno central deseñou a figura dos PERTE para o financiamento dos proxectos estratéxicos de colaboración público-privada. Actualmente hai 12 PERTE aprobados cun orzamento total de máis de 41.000 M€, dos cales só se adxudicaron 14.038 M€ (34%). A dotación dos PERTE supón o 25 % dos recursos totais do PRTR, incluíndo os recursos adicionais da Addenda. A participación de Galicia nas adxudicacións dos PERTE é do 5,5 % do asignado en toda España (771 M€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE MELLORA DE 66 PARADAS DE AUTOBÚS NOS CONCELLOS DE CABANAS, BERGONDO E SADA, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2,2 M€

- Intervirase no ámbito das rutas de acceso polo leste á cidade da Coruña nun total de 9 estradas de titularidade autonómica
- Actuarase en 22 paradas no municipio de Bergondo, en 10 en Cabanas e en 34 en Sada
- As obras incluírán a dotación de marquesiñas, a mellora da accesibilidade con rampas, información en braille e o incremento da visibilidade e iluminación
- O proxecto someterase nas vindeiras semanas a información pública, con efectos expropiatorios, co obxectivo de poder licitar a execución das obras ao longo do 2025
- O Goberno galego segue a avanzar no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de máis de 1.100 paradas en toda Galicia

O Goberno galego autorizou hoxe someter a información pública o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 66 paradas de autobús situadas na Rede de estradas de titularidade autonómica no ámbito das rutas de acceso leste á cidade da Coruña, que suporán un investimento de 2.257.918 euros.

Na reunión do Consello da Xunta tamén se acordou a aprobación provisional dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos en 9 estradas autonómicas ao seu paso polos municipios de Cabanas, Bergondo e Sada.

Concretamente, as intervencións desenvolveranse nas estradas da Xunta: AC-122, AC-141, AC-161, AC-162, AC-163, AC-164, AC-182, AC-183 e AC-564, e para a execución das obras será necesario expropiar un total de un total de 62 predios. A superficie de expropiación estimada é de 3.802,29 m².

Actuarase en 22 paradas no municipio de Bergondo, en 10 en Cabanas e en 34 en Sada.

O proxecto provisional aprobado provisionalmente hoxe polo Executivo autonómico someterase nas vindeiras semanas ao trámite de información pública durante o prazo de 30 días.

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto no primeiro semestre de 2025, para a continuación realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras ao longo de 2025. O prazo de execución das obras é de 18 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Intervencións proxectadas

As intervencións proxectadas consisten, entre outras, na mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como no acondicionamento dos itinerarios peonís na contorna das paradas.

As actuacións abranguen a colocación de refuxios de tipo rural e urbano, en función do lugar onde se encontre a paraxe, mellorando o equipamento con postes, bancos ou apoio isquiático. Os refuxios que se van instalar foron deseñados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade, tamén con perspectiva de xénero, e eliminarase vexetación na zona de instalación dos refuxios, deseñados con paneis transparentes para que sexa visible a zona interior, o que mellorará a visibilidade, ademais de mellorar a iluminación ou a ampliación do espazo ao redor das propias paradas.

Ademais, levaranse a cabo traballos de reforzo do firme naqueles puntos en que se instalen as citadas marquesiñas.

Con estas melloras preténdese fomentar o uso do transporte público e diminuír os movementos de curto e medio percorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación.

Os proxectos enmárcanse no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente, e son susceptibles de financiamento dos fondos europeos Feder 21/27.

Co sometemento á información desta actuación, o programa de mellora da seguridade e da accesibilidade de paradas de autobús nas estradas autonómicas de Galicia, a Xunta ten rematadas ou en execución 284 paradas, ás cales se engaden as 255 paraxe con proxectos coa información pública xa realizada e aprobados polo Goberno galego, que serán licitadas proximamente pola Dirección Xeral de Mobilidade, con cofinanciamento Feder 21/27.

Ademais, neste momento hai 158 paradas en proxectos sometidos a información pública ou que se sacarán á información pública en poucas semanas, máis 304 paradas con proxectos en redacción ou supervisión, ás cales se engadirán 145 previstas en proxectos que se van redactar.

O Goberno galego segue a avanzar nestes proxectos no marco do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de máis de 1.100 paradas en toda Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imaxes de planta das actuacións proxectadas e paradas que se van instalar nas estradas autonómicas:



Tipoloxía das paradas na rede autonómica de estradas:



MODELO RURAL



MODELO URBANO

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA PRETO DUNHA TRINTENA DE CONCELLOS CON INTERESE EN INTEGRAR OS SEUS MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS NA REDE GALEGA DE 'MERCADOS EXCELENTES'

- O Consello da Xunta coñeceu a resolución da orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para fomentar este selo de excelencia, que se saldou con case 700.000 € para un total de 28 municipios, tan só dous deles provistos xa co distintivo
- En total, este exercicio investíranse uns 1,4 millóns de euros no impulso da Rede galega de Mercados Excelentes, e súmase a este importe que se acaba de conceder o correspondente a este ano da orde específica publicada o pasado 2023
- O compromiso continuará nos orzamentos de 2025, tanto no marco desta convocatoria como co financiamento de actuacións nos mercados de Ourense (1 M€) e Ponteareas (800.000 euros)
- O obxectivo é promover, por un lado, actuacións dirixidas ao mantemento e mellora dos Mercados Excelentes existentes e, por outro, accións de mentorización, de formación ou obras de construción para que outros poidan acadar este selo
- Na convocatoria que se acaba de resolver, resultaron beneficiarias tamén 19 asociacións e federacións de prazas de abastos –dun importe próximo aos 200.000 euros– para a dinamización comercial e mantemento das súas webs de venda electrónica

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a resolución da convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que busca impulsar os Mercados Excelentes en Galicia e que se saldou con preto dunha trintena de concellos con interese en integrar as súas prazas de abastos e mercados nesta rede sinónimo de diferenciación e calidade, así como de trato personalizado e compromiso coa sociedade. En concreto, un total de 28 municipios –tan só dous deles xa co distintivo de excelencia concedido– recibiron un importe próximo aos 700.000 euros para levar a cabo tanto actuacións necesarias de cara á obtención do selo de mercado excelente, como melloras nos mercados, co gallo de afondar na revitalización destes espazos comerciais como vertebradores do territorio e xeradores de riqueza e emprego.

A estes apoios engádense os correspondentes a este ano da convocatoria, que se publicou para o efecto en 2023, o que elevaría ata uns 1,4 millóns de euros o investimento total neste exercicio para consolidar a Rede de Mercados Excelentes. O compromiso continuará nos orzamentos de 2025, tanto no marco desta convocatoria específica como co financiamento de actuacións en mercados concretos (Ourense: 1 millón de euros, e Ponteareas: 800.000 euros).

O indicativo de calidade de Mercados Excelentes pode ser solicitado por concellos, asociacións ou federacións de prazas de abastos e mercados, e outórgase con base no cumprimento duns estándares que están a ser redefinidos pola Xunta en coordinación co sector, para atender ás novas realidades –e potencialidades– destes espazos. O

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxecto da orde de achegas é, polo tanto, fomentar unha rede de mercados con este selo de excelencia, promovendo tanto actuacións dirixidas ao mantemento e mellora dos Mercados Excelentes xa existentes como accións de mentorización, de formación, de consultoría ou obras de construción para que outros poidan acadar este selo.

A maiores, concedéronse preto de 200.000 euros en achegas a un total de 19 asociacións e federacións de mercados e prazas de abastos para accións de dinamización e de mantementos das súas webs de venda electrónica.

Detalles da convocatoria

No marco das axudas a concellos, resultaron beneficiarios 15 consistorios da provincia de Pontevedra, 7 da Coruña, 3 en Lugo e 3 en Ourense. Cómpre destacar que hai achegas tanto para os que xa contan co selo como para os que o queiran implantar. En concreto, para potenciar a Rede de Mercados Excelentes de Galicia, os municipios que xa dispoñan desa figura podían recibir apoio para accións enfocadas ao mantemento e mellora deste estándar de calidade, ademais de, como novidade, desenvolver campañas de dinamización comercial cun investimento máximo de 10.000 euros e para o deseño da imaxe corporativa do mercado. Neste capítulo, resultaron beneficiarios un total de 9 concellos, dous deles xa provistos co distintivo de excelencia.

Mentres, os municipios con prazas de abastos que non sexan aínda Mercado Excelente poderán sufragar accións de mentorización e de formación dos praceiros e praceiras, de consultoría especializada, de diagnose da situación e usos do mercado ou a elaboración da documentación necesaria para levar a cabo as actuacións destinadas a acadar o selo, ademais doutras actuacións de mellora. Neste caso, rexistráronse 19 concellos beneficiarios.

Nesta mesma dirección, nas axudas a municipios hai dúas liñas máis de achegas, destinadas a adquisición de equipamento e eficiencia enerxética, e que beneficiaron 5 concellos xa concesionarios dalgunha outra axuda.

Canto ás asociacións de prazas de abastos e mercados, financiaránselles actuacións de dinamización e revitalización no marco de proxectos de incentivación da demanda e do consumo ou mantemento das webs de comercio electrónico, na mesma liña que no relativo ás federacións. Das 19 entidades beneficiadas neste apartado, 15 corresponden á provincia de Pontevedra, 2 á Coruña, 1 a Lugo e 1 máis en Ourense.

Decidido apoio ao comercio

A convocatoria intégrase no compromiso da Xunta polo mantemento e reforzo do tecido comercial no conxunto do territorio galego, para afianzar o crecemento económico mediante a xeración de riqueza e emprego, ao tempo que se fixa poboación. Nese senso, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración convocou este ano outras ordes, como a segunda edición de 2024 dos bonos Activa comercio, que se lanzou para a adhesión de establecementos e que conta cun importe de 2,5 millóns de euros, e que se poderán descargar a modo de bonos a partir do 4 de novembro.

Todo isto converxe no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que se está elaborando cos axentes do sector, unha planificación en materia de transformación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dixital, innovación e modernización do sector comercial e tamén artesanal que se prevé ter lista no primeiro trimestre do ano que vén.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 32 M€ EN 2025 PARA IMPULSAR O EMPRENDEMENTO ALIÑADO CO TERRITORIO A TRAVÉS DOS POLOS E ATRAER O TALENTO DE COLECTIVOS PRIORITARIOS

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre o Centro de Orientación ao Emprendemento de Galicia –recentemente operativo desde A Coruña– e sobre a Rede de polos que coordina
- O Centro está a reforzar a estratexia que premiou a Galicia como Rexión emprendedora europea 2025, dando acubillo aos Polos que levan atendido máis de 2.600 proxectos e realizado máis de 7.000 titorías en 14 centros, aos cales se sumará en breve un máis
- Avanzando no obxectivo de que o ecosistema emprendedor responda ás necesidades de cada contorna, traballarase para que frutifiquen as ideas empresariais xurdidas nas universidades, así como as de remuda, economía social ou lideradas por retornados
- Tamén se consolidarán iniciativas como a destinada a atraer nómades dixitais ao rural, os convenios cos clústeres da comunicación e do comercio electrónico ou o programa Ultreia para axudar a empresas emerxentes a conseguir o financiamento que precisan

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destinará o ano que vén máis de 32 millóns de euros a darlle un pulo ao emprendemento aliñado co territorio, a través da Rede de polos, que conta xa con 14 centros activos –e cun máis a piques de abrir–, e atraendo o talento de colectivos prioritarios como a xente nova ou os galegos retornados, con especial apoio aos traballadores autónomos. Así quedou de manifesto no Consello da Xunta de hoxe, que coñeceu un informe sobre o Centro de Orientación ao Emprendemento de Galicia, que se acaba de pór en marcha na Coruña para consolidar a nosa Comunidade como Rexión emprendedora europea 2025, ao coordinar todas as actividades relacionadas coa innovación, coa orientación laboral e co emprendemento, incluídos os Polos que levan atendidos máis de 2.600 proxectos ata o momento e realizadas máis de 7.000 titorías.

O novo Centro serve de nexo entre os Polos e as oficinas de emprego, ao tempo que busca coordinar a acción neste eido da Xunta con todos os axentes do ecosistema emprendedor e cos implicados na empregabilidade das galegas e galegos, para afondar na estratexia premiada por Europa por avanzar na xeración de emprendemento, riqueza e emprego –especialmente no rural– co gallo de fixar poboación e dinamizar o crecemento económico.

De cara ao 2025, avanza no obxectivo de que o ecosistema emprendedor responda ás necesidades de cada contorna, traballando para que frutifiquen as ideas empresariais xurdidas nas universidades, así como as de remuda xeracional, economía social ou lideradas por galegos retornados. Tamén se consolidarán iniciativas como a destinada a atraer nómades dixitais ao rural, os convenios cos clústeres da comunicación e do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comercio electrónico ou o programa Ultreia para axudar aos negocios emerxentes a conseguir o financiamento que precisan.

Compromiso co emprendemento en 2025

A aposta da Xunta polo emprendemento en 2025 mostrarase con iniciativas por unha contía global de 32 millóns de euros, avogando polo aliñamento do emprendemento co territorio da man da Rede de polos, nun proxecto de cocreación con perspectiva tanto a nivel galego como local. Tamén se consolidará a iniciativa piloto que permitirá vincular os traballos de fin de grao e fin de mestrado dos estudantes universitarios coas empresas do mercado que necesitan ese talento para medrar e aumentar a súa competitividade.

Máis alá destas novidades, darase continuidade a actividades como a pioneira Fixar para atraer ao rural nómades dixitais e traballadores en remoto ou aos convenios cos clústeres do comercio electrónico e da comunicación para potenciar estas vertentes tan importantes dos negocios actuais. Tamén ao programa Ultreia, da man das confederacións empresariais para axudar os negocios emerxentes a atopar financiamento e sondar sinerxías e solucións conxuntas nos sectores estratéxicos, ou os convenios coas universidades públicas para impulsar o emprendemento entre a comunidade universitaria.

Así mesmo, potenciaranse ecosistemas como o do traballo autónomo, a economía social, sen esquecer o apoio aos negocios que precisan remuda xeracional ou ás posibilidades de progreso que ofrece o emprendemento de galegos retornados.

Todo isto coordinarase desde o Centro de Orientación ao Emprendemento de Galicia, punteiro tanto no relativo á accesibilidade das persoas con diversidade funcional como no referido aos espazos e á tecnoloxía de que dispón. Así, ademais dunha zona para o asesoramento por parte de persoal técnico ás persoas interesadas na creación e consolidación de empresas e na xeración de emprego, hai un espazo para o emprendemento e outro con equipamento tecnolóxico para talleres de deseño e fabricación de prototipos dos proxectos. A maiores, unha zona de encontro e usos múltiples está destinada a exposicións, relatorios, foros ou xornadas divulgativas.

Así, a través do Centro planifícanse e coordínanse as sinerxías entre a Rede de polos de emprendemento e as oficinas de emprego no referente á orientación laboral, co obxectivo de seguir identificando oportunidades de crecemento sobre o territorio.

A Rede de polos

O novo Centro de Orientación ao Emprendemento coordina a Rede de polos, que acumula máis de 2.600 proxectos atendidos —un 59 % impulsados por mulleres— nos seus 14 centros activos, aos cales se sumará a final de ano o de Vilanova de Arousa. Por sectores, destacan os servizos (19 %), seguidos da hostalaría (15 %) e do comercio (15 %). Ás persoas que acudiron á Rede prestáronselles máis de 7.000 titorías e propiciáronse máis dun milleiro de actividades entre reunións con entidades do territorio, accións formativas e eventos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre engadir que arredor dun 20 % das iniciativas están promovidas por persoas de fóra da nosa Comunidade, tanto retornadas como provenientes doutras zonas de España ou do mundo con interese en asentarse na nosa terra.

Mentres, chegaron a integrarse na Bolsa Remuda da Rede uns 200 proxectos, dos cales algo máis da metade están activos na actualidade e teñen á súa disposición —ata o 30 de outubro— axudas por 1,5 millóns de euros para que as novas persoas que queiran facerse cargo das empresas poidan sufragar parte dos gastos de transmisión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS AGRICULTORES E GANDEIROS GALEGOS PODERÁN RECIBIR 1,3 M€ MÁIS DA PAC GRAZAS AOS INSTRUMENTOS DA LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA

- Así se explica nun informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello da Xunta
- Os produtores que participen en iniciativas como as aldeas modelo, os polígonos agroforestais, as permutas de especial interese agrario ou as agrupacións de xestión conxunta poderán acceder aos dereitos de apoio á renda básica para a sustentabilidade da reserva nacional
- Deste xeito, establécense máis incentivos e facilidades para a posta en produción de terras que están actualmente en estado de abandono ou infrautilización tanto por parte de agricultores xa establecidos como de novos entrantes

Os agricultores e gandeiros galegos poderán incrementar ata en 1,3 millóns de euros a axuda básica á renda da PAC grazas aos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria, tal e como se explica nun informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

Así, os que participen en iniciativas como as aldeas modelo, os polígonos agroforestais, as permutas de especial interese agrario ou as agrupacións de xestión conxunta poderán acceder aos dereitos de apoio á renda básica para a sustentabilidade da reserva nacional.

Xa que logo, isto poderá beneficiar os xefes de explotación que participen en programas de reestruturación, no marco dunha intervención pública legalmente regulada, cuxo obxectivo sexa evitar ou reverter o abandono de terras, é dicir, neste caso, a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Esta medida podería beneficiar actualmente os arrendatarios das 2.469 hectáreas alugadas (ou en proceso de arrendamento) a través do Banco de Terras para usos agrogandeiros e no futuro os arrendatarios das 1.255 ha actualmente dispoñibles no Banco con usos vinculados a aproveitamentos agrícolas e/ou pecuarios.

Desta forma, establécense máis incentivos e facilidades para a posta en produción de terras que se encontran actualmente en estado de abandono ou infrautilización tanto por parte de agricultores xa establecidos como de novos entrantes.

Do mesmo xeito, poderán acceder a estes dereitos os produtores dos terreos destinados a usos agrogandeiros nas 574 hectáreas das 21 aldeas modelo actualmente declaradas en Galicia, das cales unhas 350 ha xa poderían incorporarse na convocatoria da PAC deste ano. Así mesmo, terán acceso ás axudas da reserva nacional algo máis de 4.800 ha das máis de 9.300 en que se están a desenvolver os 34 polígonos agroforestais, xa que esa é a superficie prevista nestes instrumentos para usos agrogandeiros.

Así, co obxecto de evitar o abandono de terras, poderán solicitar dereitos á reserva nacional os agricultores cuxas explotacións estean acollidas a programas de reestruturación relativos a algún tipo de intervención pública regulada por unha norma

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autonómica de rango de lei para ese fin, tales como bancos de terras ou instrumentos de mobilización, como as aldeas modelo, os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta ou as permutas.

Os agricultores en activo que desexen solicitar dereitos de apoio á renda básica para a sustentabilidade con cargo á reserva nacional deberán presentar a correspondente solicitude, xunto coa documentación requirida, no prazo de presentación cada ano e ante a autoridade competente correspondente.